



## Comunicación de solicitude de espazos municipais. Centros sociais parroquiais

Concello de Sada  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075  
<https://sede.sada.gal>

Identificación da persoa solicitante	
Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo postal	
Enderezo electrónico	
Teléfono	
Notificacións e avisos:	<input type="checkbox"/> Ao meu mail <input type="checkbox"/> Por whats app <input type="checkbox"/> Chamada tlf

Centro social solicitado	
<input type="checkbox"/> Carnoedo <input type="checkbox"/> Veigue <input type="checkbox"/> Meirás <input type="checkbox"/> O Castro <input type="checkbox"/> Mondego	
Data solicitada	
Núm. persoas asistentes	
Consultar dispoñibilidade previamente en:	Carnoedo: 981 62 11 51 Veigue: 981 61 77 08 Meirás: 981 62 11 85 O Castro: 981 62 22 17 Mondego: 981 62 24 09

### Requisitos da persoa solicitante:

- Estar empadroado/a no concello de Sada ou ser asociado/a dalgunha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións.
- Ser maior de idade

### Condicións de uso:

- O uso e desfrute do espazo municipal na parroquia, deberá axustarse ás normas de funcionamento interno que teña establecidas a entidade que xestiona o centro.
- Recoller o local tras o acto celebrado, deixándoo nas mesmas condicións en que lle foi entregado.
- Horario límite de peche: 22.00h
- Respetar os horarios e evitar realizar actividades que pola súa natureza poidan molestar á veciñanza, en especial no que ten que ver coa emisión de rúidos.

### Prioridades:

A cesión dos centros sociais parroquiais atenderá á seguinte orde de prioridades, que será aplicado para resolver os casos en que existan varias solicitudes para unha mesma data:

1. Actividades organizadas polas Concellerías Municipais, por orde de solicitude ou por acordo entre elas, en caso de coincidencia de datas.



## Comunicación de solicitude de espazos municipais. Centros sociais parroquiais

Concello de Sada  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075  
<https://sede.sada.gal>

2. Asociacións veciñais parroquiais, para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios.
3. Entidades sen ánimo de lucro de interese xeral, inscritas no Rexistro Municipal (asociacións culturais, xuvenís, deportivas).
4. As solicitudes presentadas por outras entidades ou por persoas físicas serán atendidas por orde de solicitude.

**NOTA:** O concello poderá anular calquera reserva por causa xustificada de interese xeral.

### **Penalizacións:**

En caso de incumprimento das normas de civismo ou das condicións establecidas para as solicitudes, a/s persoa/s implicadas poderían perder o dereito a facer uso dos locais e facerse cargo do custe dos desperfectos no seu caso.

### **Declaración responsable Covid 19:**

A persoa solicitante comprométese a cumprir coas medidas sanitarias vixentes en materia de prevención fronte á COVID-19, garantindo que as persoas asistentes coñezan e respecten medidas básicas como as seguintes:

- Uso de xel hidroalcohólico para a limpeza de mans para calquera persoa que acceda ao uso do centro social parroquial.
- Uso da máscara hixiénica, en especial durante o uso dos espazos interiores, coas excepcións que legalmente se permitan en cada momento.
- Ventilación continua dos espazos nos que se desenvolva a actividade.
- Manter as recomendacións vixentes en materia de distancia interpersoal.
- Utilizar produtos hixiénicos desinfectantes para limpar espazos pechados de uso común, especialmente os aseos.

A persoa solicitante **DECLARA:**

- Que nin ela nin as persoas que participarán na actividade asistirán en caso de presentar sintomatoloxía asociada á COVID-19 (tose, febre, dificultade respiratoria, etc).
- Que nin ela nin as persoas que participarán na actividade asistirán en caso de convivir con unha persoa afectada pola COVID-19 ou que estiver en contacto estreito sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola COVID-19, nos 14 días previos á data de celebración da actividade.
- Que notificará ao Concello de Sada calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.
- Que leu e acepta as condicións de uso dos datos persoais que se recollerán con esta solicitude.

Asinado:

----

### **PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:**

Os datos persoais que se recollen nesta solicitude pasarán a formar parte dun ficheiro de uso municipal. Os datos unicamente serán tratados para a xestión do servizo solicitado e non serán compartidos con terceiros. As persoas interesadas poden consultar a política de protección de datos do Concello de Sada en <https://www.sada.gal/politica-de-privacidade>. Poderán exercer os seus dereitos a través do correo electrónico [dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal)